



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 1e / PD

Axudas asociadas

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común (título IV, capítulo 1, artigos 52 ao 55).
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (título IV, art. 28 ao 85).

DEFINICIÓNS

Agricultor: toda persoa física ou xurídica cuxa explotación estea situada en España e que exerza unha actividade agraria.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 3.2)

NORMAS XERAIS

Os Estados membros poderán concederlles axudas asociadas aos agricultores.

A axuda asociada poderá concederse aos seguintes sectores e producións: cereais, oleaxinosas, proteaxinosas, leguminosas de gran, liño, cânabo, arroz, froitos de casca, patacas para fécula, leite e produtos lácteos, sementes, carne de ovino e cabrún, carne de vacún, aceite de oliva, vermes de seda, forraxes desecadas, lúpulo, remolacha azucreira, cana de azucre e chicoria, froitas e hortalizas e árbores forestais de cultivo curto.

A axuda asociada só se poderá conceder a aqueles sectores ou rexións dun Estado membro en que certos tipos específicos de actividades agrarias ou sectores agrícolas específicos que sexan especialmente importantes por motivos económicos, sociais ou ambientais afronten determinadas dificultades.

A axuda asociada tamén se lles poderá conceder aos agricultores:

- a) Que posúan, en 31 de decembro de 2014, dereitos de pagamento único especiais e
- b) Que non dispoñan de hectáreas admisibles para a activación de dereitos de pagamento en virtude do réxime de pagamento básico.

Unicamente se poderá conceder na medida necesaria para incentivar o mantemento dos niveis de produción actuais nos sectores ou rexións de que se trate.

Adoptará a forma dun pagamento anual e concederáse dentro de límites cuantitativos definidos e baseados en superficies e rendementos fixos ou nun número fixo de animais.

Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 52, puntos 1 ao 6)

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 28)



CARACTERÍSTICAS

- Axudas aos/ás agricultores/ras que adoptarán a forma dun pagamento anual por hectárea de superficie cultivada que cumpra cos requisitos xerais e cos específicos establecidos en cada caso.
- Axudas aos/ás gandeiros/ras que adoptarán a forma dun pagamento anual por animal elixible que cumpra cos requisitos xerais e cos específicos establecidos en cada caso. Os animais deberán estar identificados e rexistrados de acordo coa normativa aplicable e a explotación inscrita no Rega.

Axudas asociadas establecidas en España.

- **Axudas á gandaría**
 - Vacas nutrices
 - Vacún de ceba
 - Vacún de leite
 - Ovino
 - Cabrún
- **Axudas aos cultivos**
 - Cultivos proteicos
 - Legumes de calidade
 - Outras axudas sen aplicación en Galicia

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 28 e anexo II)

REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER AO PAGAMENTO

| | | | |
|--|---|---|-------|
| Obrigatorio | Si | <input checked="" type="checkbox"/> Non | Obs.: |
| Agricultor activo | <input checked="" type="checkbox"/> Si | Non | Obs.: |
| Actividade agraria | <input checked="" type="checkbox"/> Si | Non | Obs.: |
| Ter solicitude única en 2013 | Si | <input checked="" type="checkbox"/> Non | Obs.: |
| Importe total dos pagamentos acoplados | Obs.: en España será un 12,08 % do orzamento total para pagamentos directos | | |